

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE NOVEMBRO DE 2023

Ás 10:30 horas do día 28 de novembro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 21 de novembro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana Garcia Álvarez, xefa do servizo de Asesoramento
D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
D^a. Carmen Pintado García, xefa do servizo de Transporte
D^a. Ruth Maria Gallego Santos, técnica de xestión
D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG (asiste a todos os puntos agás o 11)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2. Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A34B-C9DA35-5EBAE8-Q2SLHR-LS952E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



cumprimento dos requisitos previos:

1. SUMINISTROS, IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (SERMICRO)
2. TECNOLOGÍAS PLEXUS S.L.

3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104)**

Procédese á descriptación e apertura dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

7. Dar conta da existencia de ofertas anormalmente baixas

- a) **Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal (9932-106)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio do 22 de novembro de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con AMBULANCIAS BANDE S.L., por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a mesma.

9. Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula

- a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo (8279-104)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola técnica de Turismo o 22 de novembro de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliábel mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

No mesmoponse de releve que "A entidade BYSIDE CAR S.L.U. propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos máximos das tarifas de cada un dos espazos publicitarios dos medios de comunicación nos seguintes canais:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A34B-C9DA35-5EBAE8-Q2SLHR-LS952E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- 79,78% nas tarifas oficiais en print da páxina en National Geographic Historia
- 5% nas tarifas oficiais de print no Faro de Vigo
- 71,48% nas tarifas oficiais en print da páxina en National Geographic Viajes
- No resto de canais do plan de medios presentado non se aplicará ningún desconto.

En base ao exposto, a proposta da entidade BYSIDE CAR S.L.U. se aparta do establecido no apartado 6 das FEC, polo que se acorda por maioría dos membros asistentes a esta sesión e coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, conforme ao disposto na cláusula 14.2.c do PCAP, excluír da licitación á entidade BYSIDE CAR S.L.U. por apartarse substancialmente do modelo establecido". Á vista desta circunstancia a Mesa de Contratación acorda excluír a BYSIDE CAR S.L.U. deste procedemento.

10. Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo (8279-104)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, se acorda por maioría dos membros asistentes a esta sesión e coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, proponden á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de novembro, da oferta da mercantil BYSIDE CAR S.L.U., por apartase do modelo de proposición establecido no apartado 6 das FEC do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo (8279-104) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	89

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECOVIGO PUBLICIDAD S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A34B-C9DA35-5EBAE8-Q2SLHR-LS952E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



particulares (PCAP).

- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

11. Propostas de adxudicación

- Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVENIDA FRAGOSO" redactado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 21.06.2023 que rexerá o presente contrato, e cuxo orzamento de licitación ascende a UN MILLÓN OITOCENTOS TRINTA E UN MIL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A34B-C9DA35-5EBAE8-Q2SLHR-LS952E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (1.831.856,40 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 317.925,49 €, distribuído nas seguintes anualidades:

2023	1.750.000,00 €
2024	81.856,40 €

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532 619 00 39 (Humanización Rúa Val Miñor) do vixente orzamento por importe de 1.750.000,00 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024, na mesma aplicación orzamentaria, crédito por importe de 81.856,40 €.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 26 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Frago" (1584-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	95,74
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,16
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,55
4	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	91,42
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,97
6	NAROM, S.L.	88,24
7	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	86,38
8	ORECO BALGON, S.A.	85,53
9	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	79,67

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 8 de novembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 21 de novembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de novembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SIELVIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SIELVIGO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 2 e



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



16 de outubro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

" Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441) cun prezo total do contrato é de 1.626.322,11 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 282.254,25 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A34B-C9DA35-5EBAE8-Q2SLHR-LS952E-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		